



## **SESION EXTRAORDINARIA DE PLENO DA CORPORACION CORRESPONDENTE O DIA 20 DE NOVEMBRO DE 2023**

No salón de Sesións da Casa do Concello de A Mezquita, sendo ás dezanove horas e trinta minutos do día vinte de novembro de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Rafael Pérez Vázquez, coa *asistencia* do Sres. Concelleiros D<sup>a</sup> Tamara Ballesteros Vidueira, D. Francisco Antonio García Fornos, D<sup>a</sup> Cristina Clavería Alves, D<sup>a</sup> Susana Fernández Tomás do grupo municipal do BNG; D. Jesús Río Piornedo e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Ángeles Crespo García do grupo municipal do PP, e D<sup>a</sup> Marta Lorenzo Diéguez do PSdeG, excusando a súa asistencia D. David Rodríguez Casares do grupo municipal do PP, actuando como Secretario da Corporación, D. Francisco García Suárez, REUNIUSE o Pleno da Corporación deste Concello, ó obxecto de celebrar a Sesión de Pleno en primeira convocatoria.

O Sr. Presidente declara aberta a sesión que se desenrola dacordo co seguinte orde do día:

### **1.-LECTURA E APROBACIÓN DA ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE DATA 29-08-2023.**

Cos cinco votos do Grupo municipal do BNG e un voto do Grupo municipal do PSOE a favor e a abstención (2 votos) do Grupo Popular apróbase a acta da sesión anterior de 29/08/2023.

### **2.-ORZAMENTO XERAL 2024.**

Expón o Sr. Alcalde-Presidente que confeccionado en tempo e forma o orzamento xeral do Concello da Mezquita, dictaminado favorablemente na Comisión de Facenda sométese á aprobación do Pleno para a súa entrada en vigor no inicio do 2024.

Indica que se manteñen os obxectivos de mellorar a calidade de vida dos veciños e veciñas da Mezquita con equipamentos e Servizos de Calidade e tamén a liña estratéxica de favorecer o emprego e a dinamización dos sectores económicos máis relevantes no Concello, o sector servizos e o sector primario. A atención con políticas sociais ós que máis o precisan é outra das grandes preocupacións do grupo de goberno e que o orzamento xeral 2024 reflexa nas súas contas. Indica que se segue facendo un importante esforzo para reducir a débeda herdada do plan de pago a provedores, reducíndoa de 622.997 € no 2017 a 207.169€ a finais do 2024, así como no pago do canon de auga a Augas de Galicia dos exercicios nos que non se cobraba a auga que ascende a 55.000 €.

Solicita o Sr. Presidente que por Secretaría -Intervención se resalten os aspectos máis relevantes do documento.

O Sr. Secretario-Interventor sinala que se manteñen as tarifas nos ingresos correspondentes ó IBI, IAE, IVTM, así como nas taxas de lixo e auga, incrementada neste último caso co IPC que corresponda. As cifras globais de 1.420.110 € en ingresos e gastos contemplan unha aportación a través do Plan único de Obras e Servizos da Deputación Provincial que vai mellorar a financiación municipal. Por último, sinala que o persoal municipal contempla no Anexo unha oferta de emprego de 5 prazas para reducir a temporalidade do Servizo de Axuda no Fogar e queda pendente de incorporar o incremento que os Orzamentos Xerais do Estado para o 2024 contemplan para a función pública e alerta do desequilibrio que presenta o servizo de recollida de lixo e a necesidade de reducir a fracción de materia orgánica para baixar os custes con SOGAMA analizando así mesmo o cadro de tarifas. O orzamento contempla un amplo Anexo de inversións ampliable en función de maiores ingresos por subvencións e contén un índice con toda a documentación esixida pola legalidade vixente.





## Debate e Votación

Abre o Sr. Alcalde-Presidente o turno para intervencións dos grupos solicitando a palabra Dona Marta Lorenzo Diéguez do grupo municipal do PSdeG-PSOE que estime que debe facerse un esforzo en investir máis nos pobos e tamén no desenvolvemento de actividades solicitando que se traten de reducir as carencias existentes.

Non habendo máis intervencións o Sr. Alcalde-Presidente somete o Orzamento Xeral 2024 a votación sendo aprobado con 6 votos a favor (5 do grupo municipal de BNG e 1 do PSdeG-PSOE) e 2 abstencións do grupo municipal popular o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral 2024 que presenta o seguinte resume

### A) ESTADO DE INGRESOS

#### CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPITULOS.

CAP	DENOMINACIÓN	%	PREVISIÓN
<b>A) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>			
<b>A.1) OPERACIÓNS CORRENTES</b>			
1	IMPOSTOS DIRECTOS	13,4%	190.000
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	0,4%	6.000
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	13,3%	189.100
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	53,5%	759.900
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	1,1%	15.400
<b>TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES</b>		<b>81,7%</b>	<b>1.160.400</b>
<b>A.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>			
6	ALLEAMENTO DE INVERSIÓNS REAIS	0,0%	0
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	16,9%	239.710
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>16,9%</b>	<b>239.710</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>		<b>98,6%</b>	<b>1.400.110</b>
<b>B) OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>			
8	ACTIVOS FINANCEIROS		
9	PASIVOS FINANCEIROS	1,4%	20.000
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>		<b>1,4%</b>	<b>20.000</b>
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS (A+B)</b>		<b>100,0%</b>	<b>1.420.110,00</b>





**B) ESTADO DE GASTOS**

**CLASIFICACIÓN ECONÓMICA.- RESUMO POR CAPITULOS.**

CAP	DENOMINACIÓN	%	CREDITO
<b>C) OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>			
<b>C.1) GASTOS CORRENTES</b>			
1	GASTOS DE PERSOAL	37,8%	536.202,00
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	32,3%	458.400,00
3	GASTOS FINANCEIROS	1,0%	14.000,00
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,7%	10.000,00
5	FONDO DE CONTINXENCIA ORZAMENTARIA	0,6%	8.000,00
<b>TOTAL GASTOS CORRENTES</b>		<b>72,3%</b>	<b>1.026.602,00</b>
<b>C.2) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>			
6	INVERSIÓNS REAIS	19,9%	282.678,00
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,0%	0,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>		<b>19,9%</b>	<b>282.678,00</b>
<b>TOTAL OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS</b>		<b>92,2%</b>	<b>1.309.280,00</b>
<b>D) OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>			
8	ACTIVOS FINANCEIROS	0,0%	0,00
9	PASIVOS FINANCEIROS	7,8%	110.830,00
<b>TOTAL OPERACIÓNS FINANCEIRAS</b>		<b>7,8%</b>	<b>110.830,00</b>
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS (C+D)</b>		<b>100,0%</b>	<b>1.420.110,00</b>

Segundo.- Aprobar o Anexo do Persoal para o exercicio 2024, que figura no Orzamento e a oferta de emprego de 5 prazas do Servizo de Axuda no Fogar.

Terceiro.- Proceder a publicación do presente acordo de aprobación inicial no BOP a efectos de exame e reclamacións.

De non producirse éstas, a aprobación inicial terá carácter definitivo procedendo a publicación definitiva no BOP para a súa entrada en vigor o 01/01/2024.

**3.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG POLA MELLORA DA ATENCIÓN PRIMARIA NO CENTRO DE SAÚDE DA MEZQUITA.**

Antecedentes:

Foi rexistrada e presentada para o debate no Pleno da Corporación a seguinte moción do grupo municipal do BNG

**MOCIÓN POLA MELLORA DA ATENCIÓN PRIMARIA NO CENTRO DE SAÚDE DA MEZQUITA.**

A Mezquita leva sufrindo unha discriminación continuada nos últimos anos na atención sanitaria que nos garante un servizo de calidade para os nosos veciños e veciñas, sendo un servizo básico fundamental.





Despois de varios meses, esta situación é completamente insostible. Tendo en conta que, como a maior parte dos municipios do rural, contamos cunha poboación envellecida, non se están a garantir os dereitos e o estado de benestar polo que a nosa xeración máis maior traballou durante décadas.

Tras a marcha do ultimo facultativo do Centro de Saúde da Mezquita, dende a Consellería de Sanidade solo se veñen poñendo parches que non dan solución á problemática real. No mes de xullo informábasenos dende a administración autonómica que, a atención a media xornada compartida coa localidade veciña de A Gudiña era un feito illado debido ó período vacacional dos facultativos, pero esta non foi a realidade.

Lévamos meses nos que, ou ben non se presta o servizo de atención primaria, ou simplemente dispoñemos dunha media xornada que se converte en dúas horas de atención ós veciños e veciñas, de 10,00 a 12,00 ou de 16,00 a 18,00.

O servizo que se está a prestar é completamente insuficiente e as irregularidades son continuas. A meirande parte das ocasións non existe coñecemento do horario que se vai seguir nos próximos días, ou incluso so hai un profesional no noso centro. A atención durante a xornada de tarde implica que tanto o enfermeiro como o persoal de servizos xerais e atención telefónica, non se encontren xa no seu posto de traballo, o que non permite garantir unha atención íntegra dos pacientes que en moitas ocasións teñen que desprazarse unha segunda vez para, simplemente, recibir unha medicación ou solicitar unha cita nun médico especialista.

Moitos veciños e veciñas, con recursos limitados, achéganse a diario ata as instalacións do Centro de Atención Primaria e voltan para as súas casas sen ser atendidos ou sen saber cando será o próximo día no que poderán acudir.

Estase a desmantelar un servizo que resulta básico e imprescindible para a calidade de vida dos veciños e veciñas da Mezquita

Queremos un servizo de calidade. Somos cidadáns do rural pero non somos cidadáns de segunda.

#### Debate e votación

Expón o Sr. Alcalde a crítica á precarización e desmantelamento do servizo de atención primaria no Centro de Saúde da Mezquita e a necesidade de que a Xunta de Galicia corrixa esta situación que perxudica gravemente ós veciños e veciñas da Mezquita, afectando a un servizo esencial polo que demanda a aprobación da mesma.

Por parte do grupo municipal popular, o seu portavoz D. Jesús Río Piornedo sinala que, ó seu xuízo, é necesaria a intervención do goberno central mesmo favorecendo un incremento de prazas no MIR para contar con máis profesionais.

Por último, o Sr. Alcalde Presidente indica que ten solicitado unha entrevista co Xerente Provincial do SERGAS, para abordar a situación e coñecer as previsións de dotación de sanitarios que lle den estabilidade e calidade ó servizo de atención primaria no Centro de Saúde da Mezquita.

Non habendo máis intervencións somete a aprobación a moción presentada sendo aprobada por unanimidade acordando xa que logo na parte resolutiva reclamar da Consellería de Sanidade e da Xerencia Territorial do Sergas para que poñan en marcha as medidas necesarias para garantir unha atención no Centro de Saúde da Mezquita que garante a calidade do servizo con profesionais permanentes no propio centro restablecendo os horarios habituais de atención nos Centros de Saúde.





#### **4.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOLICITANDO O APOIO DA XUNTA DE GALICIA AOS PRODUCTORES DE CASTAÑA DA MEZQUITA.**

##### Antecedentes

Foi rexistrada polo grupo municipal do BNG a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno:

##### **SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA DE MEDIDAS DE APOIO AOS PRODUCTORES DE CASTAÑA DA MEZQUITA**

Galiza, é o territorio do estado con maior produción e exportación de castaña.

No conxunto de Galiza hai preto de 50000 hectáreas de castiñeiros e soutos que producen uns 20 millóns de quilos, segundo os datos da Xunta. A presenza é maior nas zonas de interior e da montaña de Ourense e Lugo. Dentro do conxunto do estado español, Ourense é o territorio con maior porcentaxe de produción dos castaños e máis do 50% do conxunto do estado ten o seu orixe na provincia de Ourense. Comarcas como as de Verín, Couso-Frieiras, Valdeorras ou Concellos como Vilardevós, Riós, A Gudiña, A Mezquita, A Rúa ou Vilariño de Conso son algúns dos exemplos de enormes hectáreas de castiñeiros e importantes producións de castaña.

O cambio climático, cada vez máis acelerado e máis adverso ten enormes efectos no desenvolvemento do castaño e a produción de castaña, así como as ultimas pragas (Dryocosmus Kuriphilus) e novas enfermidades causadas por fungos (Gnoniopsis Smithogilyi) fan que as colleitas deste ano diminúan de xeito importante.

Neste sentido, a produción anual de castaña é moi variable debido á dependencia das condicións meteorolóxicas do ano e afectando en grande parte, cada vez maior, por enfermidades que van mermando a saúde dos castiñeiros así como, por pragas que diminúen considerablemente a produción.

A campaña en curso evidencia unha importante caída de máis do 70% en varias zonas do País, como é o Concello da Mezquita) por mor do cambio climático (altas temperaturas en períodos non habituais que supoñen unha caída do froito antes de tempo) e das enfermidades vinculadas ao castaño e nomeadas con anterioridade.

Esta caída da produción ten enormes danos económicos que repercuten empeorando a supervivencia no medio rural, afectando a todo o sector, dende o produtor ata a empresa transformadora.

Esta emerxencia climática sumada ás enfermidades teñen consecuencias negativas nun cultivo tradicional e autóctono como é o castaño de froito e poñen en perigo a renda de produtores como postos de traballo xerados en empresas do sector.

Ante esta situación a Xunta de Galicia non pode quedar parada e son precisos artellar mecanismos de diagnóstico para saber o que stá acontecendo, así como poñer en marcha asesoramento e axudas económicas ao sector.

Na Mesa da Castaña celebrada recentemente no mes de outubro de 2023, o Goberno Galego anunciaba que se mantería atento a como se desenvolverían as colleitas deste ano e as súas repercusións e estaría tamén en constante contacto co sector.

##### Debate e Votación

Reitera o Sr. Alcalde os argumentos que recolle a moción e recalca a importancia que a produción de castaña ten na economía municipal e polo tanto que se apoie ó sector e ó seu futuro.





Por parte do grupo municipal socialista a súa portavoz Dona Marta Lorenzo Diéguez expresa o seu apoio a moción e indica que o grupo provincial socialista presentou propostas similares a favor do sector da castaña.

O Alcalde-Presidente somete a votación a moción presentada, sendo aprobada por unanimidade dos asistentes acordando xa que logo solicitar da Xunta de Galicia realizar un estudo en profundidade que permita coñecer as causas das perdas na produción de castaña, así como poñer en marcha un plan de asesoramento a produtores e liñas de axuda que palíen as perdas sufridas durante esta campaña.

## **5.- MOCIÓN CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA.**

Foi rexistrada polo grupo municipal popular para o seu debate plenario a seguinte moción:

MOCIÓN CONTRA A TRAMITACIÓN DUNHA LEI DE AMNISTÍA QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR NO CONCELLO DA MEZQUITA conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a Proposta de acordo/Moción que trae a súa causa na seguinte:

### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O 15 de outubro de 1977 o Congreso dos Deputados aprobou a Lei de Amnistía que seguíu o principio de reconciliación nacional que guiou a nosa Transición á democracia. A amnistía era unha demanda social e unha necesaria e imprescindible impugnación do ordenamento xurídico da ditadura. Foi un dos instrumentos cos que se puxo punto final á represión que sufríu unha parte da sociedade española e un dos grandes acordos que consolidaron o noso camiño á democracia. Durante a tramitación da Constitución de 1978 debateuse a cuestión da amnistía, xa que se presentaron dúas emendas para que as Cortes Xerais puidesen ter esa competencia. As emendas foron rexeitadas e, pola contra, aprobouse o artigo 62 que prohíbe indultos xerais. É dicir, o perdón -que sí existe no noso ordenamento e que está regulado na Lei do Indulto-, debe ser sempre individualizado e nunca con carácter xeral. Nunha democracia europea consolidada, como é a española de 2023, unha amnistía, ademais, atenta contra algúns dos principios básicos do Estado de Dereito como son a exclusividade do poder xudicial para xulgar e facer executar o xulgado, a igualdade na aplicación da lei e a seguridade xurídica. Nin o lexislador nin o poder executivo poden arrogarse a facultade de declarar inmune a un grupo de persoas, borrar os seus delitos e mesmo evitar que sexan xulgados como calquera outro cidadán. Todo iso ademais mentres que tanto o Tribunal de Xustiza da UE como o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos teñen pendente resolucións referidas á cuestión, sobre a que se expón a posible amnistía e que afectan a España. En 2017 produciuse un intento de insurrección por parte dos poderes públicos de Cataluña contra a orde Constitucional. A reacción do Estado de Dereito foi a aplicación do artigo 155 da Constitución e a posta en marcha dos instrumentos penais contra os seus impulsores.

O Tribunal Supremo condenou aos seus principais líderes a penas de entre 9 e 13 anos por sedición e malversación. Algúns dos seus principais responsables fuxiron ao estranxeiro. Desde entón tratan de evitar a acción dos Tribunais españois e europeos. Non foi o único que o fixo.

O pasado 5 de setembro Puigdemont condicionou a gobernabilidade de España a, entre outras cuestións, a aprobación dunha Lei de Amnistía que favoreza, entre outros, aos procesados polo referendo ilegal de 2017, en ocasións por feitos dunha violencia extrema.

Non é a primeira vez que se expón esta cuestión. Xa en 2021 rexistrouse unha iniciativa destas características no Congreso e os Letrados emitiron un informe contundente contrario á súa tramitación. Ademais, tanto Pedro Sánchez como ministros do seu Goberno, Juan Carlos Campo, Fernando Grande Marlaska e Carmen Calvo, entre outros moitos dirixentes socialistas, afirmaron no pasado a inconstitucionalidade dunha posible amnistía.





Os feitos xurídicos seguen igual, pero cambiaron as circunstancias políticas. Pedro Sánchez, nun intento desesperado por conservar a Presidencia do Goberno, abriuse a que se poida tramitar unha Proposición de Lei. Ademais de supoñer unha inconstitucionalidade flagrante, de novo preténdese utilizar un atallo para evitar os controis de legalidade do CGPJ, a Fiscalía e o Consello de Estado.

O prezo da presidencia non sería só exculpar centenaes de delitos senón deslexitimar o Estado de Dereito e branquear e considerar a lexitimidade da sedición que levou a cabo. En definitiva, un inasumible prezo político para calquera gobernante decente e que a falta de rexeitamento explícito e contundente por parte do Goberno está a causar unha profunda conmoción social.

Por todo iso, o Grupo Popular no Concello da Mezquita, presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDOS

1. Rexeita calquera tipo de amnistía ou indulto xeneralizado para calquera grupo de cidadáns, calquera que sexa o seu delito.
2. Considera que o imperio da lei é a expresión da vontade popular, tal e como establece o preámbulo da Constitución, e compromete a todos os poderes para o seu cumprimento.
3. Anima aos dous partidos maioritarios a buscar acordos de Estado que eviten que a sociedade española véxase sometida ás condicións ilegais de partidos independentistas.
4. Dar traslado destes acordos á Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así á Xunta de Goberno da FEMP.

#### Debate e Votación

Explica o portavoz municipal popular D. Jesús Río Piornedo as razóns que consideren que xustifican a necesidade de aprobación desta moción en contra do proxecto de lei de amnistía que se vai tramitar no Congreso dos Deputados.

Responde en nome do grupo municipal do BNG o Sr. Alcalde-Presidente avanzando o voto contrario á moción e indicando que os conflitos políticos como o acurrido en Cataluña deben ter solución políticas e que mesmo falando de amnistías o propio PP ten aprobado outras sen que entenderá qué significaran ningún problema.

#### Votación e Acordos

Sometida pola Presidencia a votación a moción presentada é Rexeitada ó contar con 2 votos a favor do grupo municipal popular e 6 en contra dos grupos municipais do BNG do PSdeG- PSOE.

## **6.-MOCIÓN POLA IGUALDADE DE TÓDOLOS ESPAÑOIS.**

Foi presentada en rexistro polo grupo municipal popular a seguinte MOCIÓN para o seu debate en Pleno, sendo incluída na Orde do día:

MOCIÓN POLA IGUALDADE DE TODOS OS ESPAÑOIS QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR NO CONCELLO DA MEZQUITA, conforme ao previsto no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, para elevar ao Pleno a Proposta de acordo/Moción que trae a súa causa na seguinte:

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai 45 anos os españois acordamos unha Constitución pola que nos convertemos nunha nación de cidadáns libres e iguais. Foi un acordo histórico, referendado pola inmensa maioría da sociedade que buscaba poñer fin a tres séculos de división e enfrontamento.

Un acordo froito do entendemento entre as dúas forzas políticas maioritarias e que tamén se abriu ao conxunto de partidos políticos democráticos.

Un acordo que dende o seu artigo primeiro recoñecía a igualdade como un valor supremo do ordenamento xurídico, que no seu artigo 9 obrigaba aos poderes públicos a





que as condicións para a igualdade do individuo e dos grupos sexan reais e efectivas e que era necesario remover os obstáculos que a dificultaban.

Non só iso, no artigo 14 estableceuse como o primeiro dos dereitos e liberdades o que “Os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”.

Por tanto, a igualdade de e entre os españois é un dos principios que informan o noso ordenamento democrático e uns dos piares sobre os que se asenta a nosa convivencia.

Unha igualdade dos españois independentemente de onde vivan polo que este principio vén complementado co de solidariedade, tal e como recolle o artigo 138 cando se afirma que “O Estado garante a realización efectiva do principio de solidariedade consagrado no artigo 2 da Constitución, velando polo establecemento dun equilibrio económico, adecuado e xusto entre as diversas partes do territorio español, e atendendo en particular ás circunstancias do feito insular” e rexeitando que as diferenzas entre os Estatutos das distintas Comunidades Autónomas puidesen implicar privilexios económicos ou sociais.

Ao longo do desenvolvemento do noso proceso autonómico os diferentes territorios foron converxendo nuns niveis de autogoberno que fixo de España un modelo de descentralización. Un proceso que permitiu que o noso país sexa un moderno Estado social e de Dereito, grazas á tarefa que desempeñan todas as institucións do Estado, tanto o Goberno central como das Comunidades Autónomas, os Concellos, as deputacións, os consells e cabidos insulares, e as institucións forais. Ademais, ao longo destas décadas, o Tribunal Constitucional foi o garante de que a lexislación, e, de modo singular, os Estatutos de Autonomía, enmarcásense sempre de acordo con as previsións da nosa Carta Magna.

Este desenvolvemento político, xurídico e administrativo víuse enriquecido coa nosa participación na Unión Europea, un modelo de solidariedade entre pobos e territorios.

Toda esta bagaxe vese ameazado hoxe por proxectos que buscan romper a igualdade e solidariedade entre os españois, así como por propostas de mutación constitucional que promoven consagrar a desigualdade e o privilexio entre territorios e cidadáns. Unha desigualdade que se ve acentuada no día a día dos españois polas tensións económicas, tecnolóxicas e demográficas. Hoxe, en España, a igualdade está máis ameazada que nunca.

Por todo iso, é necesario afrontar con decisión cuestións que dividen aos territorios como é o referente á auga, os retos dun Estado de benestar ante unha realidade social en profunda transformación e a necesidade de consolidar os fundamentos da nosa economía. Ademais, a rexeneración institucional e alcanzar un novo pacto territorial que entre outras cuestións complete o previsto na Constitución supoñen obxectivos inaprazables.

Ao longo destas máis de catro décadas os dous principais partidos soubemos chegar a acordos para afrontar os diferentes desafíos e retos, desde os de índole social e económica a través dos Pactos da Moncloa, o terrorismo a través do Pacto polas Liberdades, a violencia machista a través do Pacto contra violencia de xénero e o desafío secesionista de 2017 a través da aplicación do artigo 155. Xuntos fixemos a España protagonista na Unión Europea e asumimos numerosos compromisos internacionais.

Atopámonos ante un novo desafío histórico no que unha minoría populista e radical pretende impoñer a ruptura da igualdade entre os españois e, para iso, beneficiase da falta de capacidade de chegar a un gran acordo nacional por parte dos dous partidos maioritarios.

Unha vez máis os españois debemos dar o mellor de nós mesmos. Do mesmo xeito que sucedeu en 1978, con xenerosidade e altura de miras, os partidos maioritarios debemos poñer as bases da nosa convivencia e afrontar as ameazas que temos como nación para seguir construíndo unha sociedade moderna, avanzada e plural.

O que é de todos débese decidir entre todos e non se pode someter os fundamentos do consenso constitucional ao capricho dunhas minorías por influentes que poidan resultar ao beneficiarse dunha conxuntura parlamentaria determinada.







É necesario buscar un gran acordo que consolide todo o avanzado nestes 45 anos, blinde a igualdade dos españois e afronte os principais retos que temos nesta terceira década do século XXI.

Por todo iso, o Grupo Popular no Concello da Mezquita, presenta a seguinte:

#### PROPOSTA DE ACORDOS

PRIMEIRO.- Recoñecemos que España é unha nación de cidadáns libres e iguais en dereitos e obrigacións.

SEGUNDO.- Rexeitamos calquera proxecto que trate de romper a igualdade ou de recoñecer privilexios a cidadáns ou territorios en calquera parte de España e que atente ao disposto pola Constitución española.

TERCEIRO.- Propoñemos un gran acordo nacional que afronte os principais desafíos que temos: a rexeneración institucional, o Estado de Benestar, os fundamentos da nosa economía, un pacto polas familias, un pacto pola auga e un pacto territorial.

CUARTO.- Urximos ao Goberno a que propoña un modelo de financiamento Autonómico que garanta os principios de igualdade e solidariedade e que sexa froito do acordo entre todos. Rexeitamos calquera privilexio unilateral á marxe do acordo entre tódalas CCAA.

QUINTO.- Reclamamos ao Goberno que garanta un marco de financiamento de Concellos, Deputacións e Cabidos baseado na suficiencia, a solidariedade e a equidade.

SEXTO.- Dar traslado destes acordos a Presidencia do Goberno, á Vicepresidencia primeira e ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, á Vicepresidencia segunda e ministerio de Traballo e Economía Social, ao ministerio de Política Territorial, e aos portavoces parlamentarios no Congreso e o Senado; así como á Xunta de Goberno da FEMP.

#### Debate e votación

Expón o portavoz do grupo municipal popular D. Jesús Río Piornedo que o que pretende a presente moción é que non haxa diferencias entre españois afirmando os principios de igualdade.

Por parte do grupo de goberno o Alcalde-Presidente indica que a igualdade deféndese sobre todo coa calidade dos servizos públicos como a sanidade que ven de debaterse na moción anterior e avanza o voto en contra do BNG.

Sometida a votación a moción é rexeitada contando con 2 votos a favor do grupo municipal popular e 6 votos en contra dos grupos do BNG e PSdeG-PSOE

E non habendo mais asuntos que tratar o Sr. Alcalde deu por rematada a sesión, sendo as dezanove horas e cincuenta e dous minutos, da que se levanta a presente acta, que como Secretario dou fé e Certifico

O ALCALDE,

O SECRETARIO,

